



## Daniel Rodas toma posesión como deputado do Parlamento de Galicia

**Santiago, 26 de marzo de 2013.-** O Pleno do Parlamento de Galicia acolleu esta mañá a toma de posesión de Daniel Rodas Chapela como deputado do BNG por Pontevedra, en substitución de Carlos Aymerich Cano.

Daniel Rodas Chapela naceu en Moaña en 1961. Cursou estudos de enxeñaría. Foi horticultor, mariñeiro e traballador da construción naval. Na actualidade é funcionario da Consellería de Pesca. Concelleiro en Moaña desde ano 2003 e deputado provincial na Deputación Provincial de Pontevedra entre os anos 2007 e 2011. É membro do Consello Comarcal do BNG do Morrazo

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.